


SANTO ADRIÁN DE CASTRO (SANTO ADRIÁN)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema



A parroquia de **Santo Adrián de Castro**, con anterioridade á creación dos actuais concellos, formaba parte da xurisdición señorial de Vimianzo. O couto das Edreiras gozaba de xurisdición propia (este lugar pertence eclesiasticamente a San Adrián, pero administrativamente a San Martiño de Meanos).

Trátase dunha freguesía de pouca extensión, só uns 4,6 km², conformada polos lugares ou aldeas de Santo Adrián, Berbia, Caberte, A Devesa e Rial de Abaixo.

Domina o seu territorio o **monte do Castro** (317 m), ó pé do que pasa o **río de Meanos** -que, a partir de aquí, pasará a chamarse **río de Zas**-, bordeándoo pola súa parte leste. Este monte -que dá nome oficial á parroquia- presenta na súa fisonomía o perfil clásico dun antigo castro no seu cume e, de feito, aínda se conservan restos del.

A forma da parroquia parece lembrar a **unha man pechada** co dedo furabolos estendido para sinalar algo. Linda polo N e NE coa parroquia de Zas, polo E, S e SO coa de San Martiño, polo O coa de Loroño e mesmo ten unha mínima zona lindante coa de Vilar, no seu extremo NO. Neste punto confluírían as parroquias de Santo Adrián, Loroño, Vilar e Zas.



Río de Meanos, en terras da parroquia de Santo Adrián, antes de que pase a chamarse río de Zas (foto Evaristo Domínguez Rial [EDR], 2017)

Polo seu territorio corre de S a N o **río de Meanos** –despois **río de Zas**-, un río que aquí non é excesivamente caudaloso pero que conformará unha das principais achegas do río do Porto, o gran colector das augas da Terra de Soneira.

Nacido uns quilómetros máis ó sur non moi lonxe da aldea da Churía recibe pequenos afluentes procedentes da parroquia de Muíño e mais da de San Martiño de Meanos. Dentro das terras de Santo Adrián circula bastante encaixado no fondo dun estreito val que foi aproveitado para instalar unha pequena minicentral hidroeléctrica que subministrou durante algún tempo, hai xa bastantes anos, electricidade para o núcleo de Zas e arredores; era a chamada Presa de Enrique.

Outro regato de moito menos importancia que drena as terras da parroquia é o de Berbia, ó sur do Monte do Castro, entre as aldeas de Berbia e Romelle. Xuntaranse preto da aldea da Toxa, xa na parroquia de Zas.



Relevo

Sen ser unha parroquia excesivamente montañosa o certo é que tampouco se pode dicir que sexa achanzada, xa que predominan, con moito, as formas en caída.

Coincidindo con disposición en bandas dos materiais xeolóxicos (como se verá logo) así se estruturan as súas unidades de relevo: ó leste de Rial de Abaixo, en pleno descenso da penechira do Xallas cara o val do río de Zas, acádanse os 350 m, baixándose ata o curso do río Zas, non moi lonxe dela onde a altitude descende ata os 250 m.

Novamente vaise gañando altura e, na parte máis alta, por onde se construiu a estrada que vai de Zas a Bandomil chégase outra vez ós 350 m. Dá a sensación de que o río o que fixo foi escavar o seu val e rompeu en dúas unha zona que, en orixe, debería ser unha soa unidade achanzada.

Se seguimos avanzando cara ó norte e cara ó oeste vaise perdendo altura paulatinamente e, deste xeito, nas agras de Santo Adrián e de Berbia apenas se superan os 200 m.




Todas as terras situadas máis ó oeste sitúanse arredor desa altitude. Mención á parte merece o **monte do Castro** que, coas súa forma redondeada, acada os 317 m no seu cumo. É un outeiro cónico illado, o que facilitou que no seu curuto se asentase un castro con excelentes defensas naturais e que, pola súa configuración, lle permitía controlar visualmente unha parte importante das terras circundantes. Ó seu carón, pola aba norte –xa en terras da parroquia de Zas–, celébrase a Festa da Carballeira de Zas, festa folk coñecida en toda Galicia.

En resumo, pódese dicir que case toda parroquia é unha transición entre as terras máis elevadas das parroquias do sur do concello, prolongación da meseta do Xallas marcando os lindes coas terras máis baixas e achanzadas do Val de Soneira regadas polos ríos Zas e Sisto, como máis destacados.

Xeoloxía

Desde o punto de vista xeolóxico ofrece unha gran complexidade posto que, se ben a maior parte dos seus compoñentes xeolóxicos se presentan en bandas orientadas de NNE a SSO, hai algunhas intrusionés que modifican esta estrutura xeral de bandas.



Comezando ó leste de Rial de Abaixo, aflora unha banda, relativamente ancha, coa aliñación antes citada, composta de xistos e paragneises con algunhas paranfíbolitas intercaladas **(1, no mapa)**. Esta banda abarcaría case toda a parte oriental da parroquia, se ben á altura de Rial de Abaixo, metida dentro da anterior, moito máis estreita e que pasaría xusto por onde está esta aldea, pódese ver outra, esta vez de gneises félsicos con retroecloxitas intercaladas.**(2)**

Este conxunto chegaría ata a rentes, pero polo oeste, da estrada que desde Zas vai ata Brandomil. Será neste punto onde o estreito afloramento anterior de gneises félsicos tome carta de natureza para ocupar case todo o resto da parroquia e unha boa parte da de Loroño.**(2)**

A parte norte da parroquia é, se cabe, aínda máis complexa e, así, o monte do Castro formaría un domo circular composto de retroecloxitas ata anfíbolitas granatíferas predominantes sobre gneises félsicos **(3)**, pero, aínda así, este domo está atravesado por unha intrusión de ortogneis con anfíbol **(4)**.

Viría, logo, segundo imos avanzando cara ó oeste, unha zona de terreos sedimentarios do cuaternario que coincidirían coa confluencia do río de Zas e o rego de Berbia e os vales de ambos os dous **(5)**

No extremo NNO colle algúns terreos ocupados por ortogneis biotítico **(6)** e ortogneis biotítico con seixos azulados **(7)**.

Demografía

No tocante á súa evolución demográfica, estes son os datos de que dispoñemos: 20 veciños en 1607, 46 veciños en 1753, 27 en 1769, 37 veciños e 247 hab. (en 1836 e 1845), 230 hab. (c. 1928), 301 hab. (1965) é o longo do século XX os habitantes que tiveron as súas distintas entidades de poboación foron os seguintes:

	1900	1910	1920	1630	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	2000
Berbia			14	13	15	25	22	44	30	36	34	28
Caberte				12	14	19	16	15	8	6	6	6
Santo Adrián			139	143	140	155	157	175	154	112	96	94
Devesa (A)				19	18	18	21	23	21	13	12	9
Rial de Abaixo			34	32	44	52	67	79	61	48	49	36
Outros			39	3								
SANTO ADRIÁN	228	229	230	219	246	271	301	315	232	196	197	187
Porcentaxes %	100	100,4	100,9	90,05	107,9	118,9	132,1	138,2	101,8	85,9	86,4	82,02

Evolución da poboación da parroquia, as súas aldeas e porcentaxes ó longo do século XX.

Ano 1900 = Índice 100%

Observando a evolución do número de habitantes ó longo do século XX, a parroquia amosa unha tendencia moi clara: ata 1970 hai un poboamento sostido ou en claro aumento. Nese ano dáse unha inflexión brusca e o número de habitantes comeza a descender dun xeito acelerado. Tendencia que non só se mantén senón que se acentúa nos anos que van do presente século. Se a comezos deste século tiña 170 habitantes, a 1 de xaneiro do 2016 só contaba con 136 (un 20% menos dos que había 16 anos antes).


Se a comparación se fai en relación co ano 1900, a poboación actual só representa un 59,6% da que tiña hai 116 anos; pero se esa comparación se fai co ano 1970, esa porcentaxe queda reducida a un 43,2%. Desde logo as perspectivas non son moi boas.

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Berbia	27	27	28	27	27	27	26	24	24	25	25	23	23	22	28	26
Caberte	6	6	6	6	6	6	6	5	5	5	5	5	5	5	5	4
Santo Adrián	92	87	85	82	83	82	82	81	79	77	77	78	76	77	75	73
Devesa (A)	9	8	8	8	6	6	6	6	5	5	5	5	4	4	4	4
Rial de Abaixo	36	37	35	36	35	37	36	33	33	33	33	30	29	28	31	29
SANTO ADRIÁN	170	165	162	159	157	158	156	149	146	145	145	141	137	136	143	136
Porcentaxes %	100	97,1	95,3	93,5	92,3	92,9	91,8	87,6	85,9	85,3	85,3	82,9	80,6	80	84,12	80

Evolución da poboación da parroquia, as súas aldeas e porcentaxes no que vai do século XXI.

Ano 2001 = Índice 100%

A sangría demográfica foi constante en todos os anos que levamos de século agás entre o 2014 e o 2015 en que se deu un pequeno incremento pasaxeiro.



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes


Os nomes dos lugares de Santo Adrián de Castro*

Santo Adrián de Castro é o nome completo para designar a parroquia.

O documento máis antigo ó que tivemos acceso, do ano 1522 (contido nos fondos documentais do Arquivo Histórico Universitario de Santiago [AHUS]), aparece grafado como *Santo Adrao do Castro*, como se pode observar na ilustración adxunta, na que tamén aparece (abaixo) San Martiño de Meanos.

No fondo documental do Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) volvemos atopar os seguintes:

- *Santo Adrao do Castro* (1577),
- *Sto. Adrao de Castro* (1581 e 1585),
- *Santadrao de Castro* (1587),
- *S[an]tadran de Castro* (1614).



Como veremos máis adiante, no documento dos servizos e dereitos debidos polos veciños ó conde de Altamira, de 1592, escríbese *Santo Adrao do Castro*.

En 1607, para o visitador J. del Hoyo é *San Adrián do Castro*.

Son todos documentos escritos xa en castelán e chama a atención que se manteña a contracción galega <do>, sinal de que así se nomeaba á parroquia.

Esta contracción castelanizárase no Catastro de Ensenada (1753), onde vemos *San Adrián de el Castro* e *San Adrián del Castro*.

Un século despois, en 1847 (Diccionario de Madoz), xa será *San Adrián de Castro*.

Santo Adrián é o nome do lugar onde se atopa a igrexa parroquial; é outro dos catro haxiotopónimos ('nome de lugar orixinado polo culto a un santo ou a unha santa') do Concello de

Zas.

Berbia posiblemente sexa de orixe prerromana, en relación coa raíz precéltica *bar-b*, co significado de 'monte'.

Caberte puidera ser unha alteración de *Casberte* < *Casa Berti* (*Berti* sería o xenitivo dun nome xermánico *Bertus*).

A **Devesa** ven do lat. *defensa*, do verbo *defendere* 'defender, preservar', e aludía a unha 'leira ou terra acoutada, cercada': a función das devesas en Galicia era a de producir madeira para distintas finalidades.

Rial xa se tratou en San Martiño de Meanos.

Como se pode observar, **Castro**, que acompaña o nome da parroquia, non existe como lugar; procede do lat. *castru* 'campamento fortificado' e fai alusión ás aldeas fortificadas habitadas polos nosos antepasados na época da invasión romana: aquí existe este 'castro', perfectamente perfilado no cume do monte deste nome e dominando a paisaxe de toda a freguesía; ó seu pé queda o lugar de Santo Adrián e a propia igrexa parroquial.

*Agradecemos a axuda de Fernando Cabeza Quiles e de Luz Méndez.



Lugar de Berbia [Foto EDR]




Fachada barroca da igrexa parroquial de Santo Adrián de Castro [Foto XMLS]

Igrexa parroquial de Santo Adrián de Castro

Situada na ladeira sur do ben perfilado monte do Castro, ó abeiro duns escasos carballos que conforman o seu adro, que conta á entrada cun bonito cruceiro, quizais de finais do séc. XVIII (no anverso un Cristo crucificado con tres cravos, coa brazos moi estricados; no reverso, unha Inmaculada).

Infortunadamente carecemos de documentación sobre a arquitectura, retabística e escultura desta igrexa, debido a que se deixaron no abandono os arquivos parroquiais de Santo Adrián de Castro e de Santiago de Loroño tras o abandono da casa reitoral desta última parroquia a finais dos anos setenta e a principios dos oitenta do pasado século. Despois da marcha do último párroco propio das dúas freguesías quedou encargado delas un cura dunha parroquia de preto, que non se preocupou polos libros do arquivo (nin tampouco o Arcebispado compostelán, que nin sequera os mandou recoller). Para saber con exactitude as datas de construción da igrexa, dos retablos e das imaxes precisariamos consultar os libros de fábrica da parroquia, pero eses non existen xa. Unha mágoa.



Anverso do cruceiro do adro de Sto. Adrián [Foto XMLS]


As características arquitectónicas do templo responden case enteiramente ó estilo barroco da segunda metade do séc. XVIII: tanto na fachada, coa súa ventá lobulada e a fermosa torre-campanario -que non se levanta na zona central, senón no lateral norte-, coma no interior da nave (a pesar da profunda reforma do ano 1953). Seguramente traballou aquí algún importante arquitecto compostelán de mediados do séc. XVIII.



Vista da igrexa de Santo Adrián, lado norte [Foto XMLS]

Sabemos que no ano 1741 a capela maior e o corpo se atopaban mal estado (“con cuerpo mal faiado y con muchos ahugeros e algunas paredes no seguras”); ordénaselle ó cura que arranxe o corpo da igrexa, faiándoa ben, e que lles pasase o aviso ós patronos para que se ocupasen de arranxar a capela maior, como era a súa obriga. Os patronos eran os Caamaño de Romelle, que deberon ser os que mandaron obrar a finais do séc. XVIII. Un século despois, en 1852, o párroco manifesta que o estado do templo é bo, aínda que lle recorda ó patrono daqueles anos (Joaquín

Caamaño, señor de Romelle e veciño de Ferrol, aínda que ás veces tamén aparece residente no seu pazo de Goiáns-Boiro) e obriga de “levantar y conservar las capillas maiores”, asegurando que os antecesores do patrono fixeran moito polas igrexas de Santo Adrián e de Loroño.



Retablo maior de Santo Adrián de Castro, séc. XVIII [foto XMLS]

Retablos e imaxes da igrexa parroquial

O **retablo maior** da igrexa de San Adrián é de boa calidade artística; responde ás características do estilo neoclásico e realizouse a finais do séc. XVIII. O seu autor tal vez fose, así mesmo, algún importante artista de Santiago.

Presenta unha planta articulada en tres planos, co panel central máis adiantado. En sentido vertical consta de banco, corpo principal e ático; sen sentido horizontal presenta cinco paneis no corpo principal, delimitados por catro columnas de orde composta co fuste decorado por restras vexetais. A supremacía do panel central maniféstase no feito de rematar en arco de medio punto e ser máis

ancha e alta cás laterais. Remata o conxunto un ático en forma de peita; na parte central un trono de nubes rodeando a pomba do Espírito Santo e, nos extremos, dous anxos orantes. Pintouse, orixinariamente, imitando o mármore.

Preside o panel central a imaxe do patrón, **santo Adrián**, militar romano que aparece vestido á usanza da nobreza dezaoitesea (calzón curto, casaca e manto), para salientar a súa alta condición social; nunha man leva a palma do martirio e na outra unha espada (atributo persoal, por ser o instrumento do seu martirio) coa punta posta sobre unha torre situada ós seus pés (torre que figura un cárcere, pois é ser patrón dos carcereiros). Trátase dunha excelente escultura neoclásica de fins do XVIII.

Da mesma época e estilo, e quizais da mesma man, son as outras esculturas do retablos, que representan a **san Brais** (vestido de bispo e coa man na garganta, por ser avogado das afeccións da gorxa) e a **san Roque** (avogado contra a peste; está vestido de peregrino e vai acompañado dun can co pan na boca e dun anxo con perfumes).

O espléndido retablo maior de San Adrián vai servir de modelo privilexiado para outros que se han de construír nos anos sucesivos en varias igrexas da redonda, especialmente os tamén maiores de Vilar (entre 1809 e 1819) e Zas (de 1843).




Santo Adrián, vestido como un nobre do
séc. XVIII [Foto XMLS]



Nun fornelo do primeiro tramo do muro norte da nave atópase o **retablo da Virxe do Rosario**, de formas neoclásicas con reminiscencias barrocas. Pensamos que foi realizado a finais do séc. XVIII. Presídeo unha imaxe da Virxe do Rosario, posterior ó retablo, quizais do primeiro terzo do séc. XX.

Enfronte, noutro fornelo do muro sur, atópase o **retablo de santo Antonio**, de claras formas neoclásicas, quizais xa de principios do séc. XIX. Presídeo unha imaxe do santo.

A igrexa é propietaria, ademais, dunha interesante **cruz parroquial** datada na segunda metade do séc. XVI, seguramente da autoría de Jorge Cedeira o Mozo, importante ourive compostelán.



A PARROQUIA DE SANTO ADRIÁN, SEGUNDO A DOCUMENTACIÓN HISTÓRICA

Ano 1592.- "Servicios y derechuras de Santo Adrao do Castro" (debidos ó conde de Altamira)

Estas eran as obrigas que, segundo un documento de 1592, tiñan os veciños da parroquia de Santo Adrián (*Santo Adrao*, na ortografía da época) para co conde de Altamira, o señor natural da xurisdición de Vimianzo á que pertencían:

"Correr y montar los montes matando al lobo, son libres de pagar el carnero de lobo (...) y no lo matando cada vecino que tuviese ovejas dar un carnero de un año o real y medio por el. Los vecinos que no son peones, pagan un real y medio y otros cinco vecinos pagan un real de servicio (...). Los peones están obligados a ir a los curros de Camelle y Sta. Cristina [de Berdoias] llevar los ganados (...) e ir guardar los presos en la fortaleza de Vimianzo cuando se acontece prenderlos (...). En tiempo de guerra guardar la fortaleza de Vimianzo (...). Guardar algun preso por delito criminal que requiera pena de muerte (...). Ir ayudar a cavar y limpiar la presa de la ferraria de manera que pueda correr la agua por ella libremente."

(resumo dun documento de 1592 copiado e facilitado por D. Juan López Bermúdez, que fora médico de Toba-Cee, e grande estudoso de temas históricos da Costa da Morte).

A festa do patrón e a cerimonia dos peóns lanceiros do día de Santo Adrao.- Por 1592, segundo o antedito documento copiado por Juan López Bermúdez, os veciños que eran *pións lanceiros* de varias parroquias da xurisdición de Vimianzo (en concreto, Vimianzo, Follente, Santa Sía de Roma, Treos, Lamas, O Esto, Gándara, Mira, Vilar, Tines, Bamiro, Salto, entre outras) tiñan a obriga de acompañar o conde de Altamira ou o seu meiriño da fortaleza de Vimianzo

"el día de Santo Adrao [8 de setembro] con sus lanzas y espadas y ellos [o conde ou o meiriño] les han de dar de beber y comer y son libres aquel día que no los tienen que prender sino es por delitos criminales" .

En contra do esperado, esta celebración non se facía na única freguesía da xurisdición que tiña ó *Santo Adrao* como patrón (esta de Castro), senón na fortaleza de Vimianzo. Os lanceiros desta parroquia de Castro tampouco tiñan a obriga de ir escoltar o conde. Hai certas diferenzas de *servizos e dereituras* dunha parroquia a outra, pois ós lanceiros de Santa Sía, Vilar, Tines, Bamiro, Salto e O Esto parece que o conde non tiña obriga de darlles de comer e beber; para os de Follente, O Esto e Mira só se fala de bebida (e non de comida). Chama a atención a "liberdade" que van gozar o día de santo Adrao os lanceiros para certos excesos, pois teñen garantía de que non os van prender, a non ser que cometesen delitos criminais.



O río de Meanos ou de Zas, nunha zona que fai de límite entre as parroquias de Zas e de Santo Adrián [Foto EDR]

Ano 1607.- A descrición do visitador J. del Hoyo

So uns pouquiños anos despois, o cardeal-visitador Jerónimo del Hoyo escribiu da freguesía o seguinte:

SAN ADRIAN DO CASTRO (Cabeza)

Esta felegresía tiene veinte feligreses. Los fructos todos (fol. 336, r.) a la cura, que valdrán, con los del anexo Santiago de Noroño [sic], quarenta cargas de todo pan. Presentación de legos. La fábrica tiene de renta quarenta ferrados de trigo sobre un lugar que dexó un defunto.

Nótese que unha carga son doce ferrados de “todo pan” o que quere dicir que non só se pagaba con trigo senón tamén co centeo ou coa cebada (orxo) e que cada un dos 37 veciños que tiñan entre as dúas parroquias debían pagarlle ó cura uns 13 ferrados .

1753.- A información do Catastro de Ensenada

A situación dos habitantes da nosa parroquia non cambiara moito, por non dicir nada, século e

medio máis tarde, como pode deducirse polo que se nos conta no **catastro de Ensenada (1753)**. Cando se levantou a acta deste catastro Santo Adrián pertencía ó señorío de D. Rodrigo Sancho de Leis veciño de San Pedro de Berdoias e formaba parte da xurisdición de Vimianzo e do señorío do conde de Altamira “*quien posee la Regalia de poner en ellas Juez y escriuano de numero*”.

Algúns impostos que tiñan que pagar os seus veciños eran estes:

“perciue de Domingo Alonzo y Andres Romar los servicios de Carnero del Louo y vasallaje y de todos los vezinos que acaeze morir el de Luctuosa, las penas de Camara y mostrengo (...) el de Carnero del Louo asciende a tres reales: el de vasallaxe a real y medio el de luctuosa a veinte reales y el de pena de Camara a seis reales y el Ganado Mostrengo adoze reales.”

En canto ós lindes parroquiais, dísenos que:

“La de san Adrián de el Castro ócupa de L. a P. un cuarto y medio de legua de N á S media legua y de circunferencia una legua (73) o se andará en una hora y media. Limita por el L con san Julián de Santa Sauina P. Santiago de Loroño N. sⁿ Andrés de Zas S. con san Martin de Meanos. Su figura cuadrada.”

Polo que atinxe á vexetación en ningún momento do interrogatorio se fai referencia a outras árbores que non sexan os carballos e, aínda así, dísenos que:



Vellos carballos do adro parroquial de Santo Adrián [Foto EDR]

“...si el ferrado de tierra esta plantado de Robles digeron todos los peritos a excepcion de los de Mira y san Adrian del Castro en que no hai que son de unica calidad y que se cortan de doze en doze años y cada ferrado da seis carros de leña y regulan cada carro en quatro r^s vellón (...). Tamén se afirma que hai uns cincuenta ferrados de terra que “son inútiles por naturaleza.”

Igualmente, infórmansenos que:

“los derechos que se hallaban puestos sobre las tierras de las fras. (...) san Adrian son: Diezmo,

Primicia, Oblata y Foro y que las perciue enteramente el Parrocho y que el Voto que enesta fr^a. pagan â Santiago Apostol es de medio ferrado de Centeno (...) y que ascenderán los diezmos a mil y dosc^{os} reales vellón las primicias ducientos y veinte y nueve R^{es} la oblata a ses^a r^s de vellón y el voto ciento quarenta reales.”

En sendo unha parroquia con bastante auga e boas pendentas non é raro que houbera muíños de río que darían servizo ós seus habitantes:

“...en la san Adrian de el Castro hai quarenta y seis vecinos. (...) ...ai tres ruedas de Molino ruedas negras propias el mo^o llamado de Rueiro sobre el rio Beruia Con el que muele (...) Joseph Pose Carracedo otro llamado Froitin sobre el rio Rial de auajo (...) con el que muele el cura parrocho y otro llamado Rial de auajo sobre el rio Rial Con el que muele Domingo Rial.”

Igualmente, disenos, por este inventario, que

“hai una tauerna que trae en Arriendo Aluerto Rial en cinquenta y quatro reales” pero tamén “...hai ôcho Pobres...” y “no hai Conbento alguno de Religiosos y Religiosas.”

Oficios e nomes dalgúns vecinos de mediados do séc. XVIII

“Notario: Andres Pose hixo de Jph.se le regulo saca de utilidad al año Cien reales vellón.

Tabernero / Estanquillero: Aluerto Rodriguez por tabernero se le regulo saca de utilidad al año sesenta R^s Vⁿ Y se le regulo saca de utilidad al año ochenta y dos reales, por la segunda.

Vendedor(?) de Tabaco: Marcos Nuñez tiene de r. anual mil y Cien reales vellón.

Arrieros de vino: Buena Ventura Vasquez se le regulo saca de utilidad al año quatrocientos y ochenta reales vellón.

Arriero de trigo: Esteban ferreiro se le regulo saca de utilidad al año ciento y cinquenta R^s vellón.

Arrendatario del Voto: Dⁿ Juan Riveiro vezino de san Martin de Meanos se le regula de utilidad ôcho reales.

Mercader de vino por menor: Fran^{co} Rial se le regula saca de utilidad al año Cien R^s de vellón y es vezino de Santiago de Loroño.

Jornal diario: Carpintero: Buena Ventura de Antelo se le regula gana el dia que trauaja por su oficio en el que ejerze seis meses del año tres reales vellón.

Sastres: Pedro Moreira se le regula gana al dia que trauaja por este oficio el



Santo Adrián, co monte do Castro sen a vexetación da actualidade, ano 1927 (revista *Alborada*, Bs. Aires)


exerce seis meses al año dos reales vellón.

Jornalero: Pedro Fandiño **Notta:** *se le regula el dia que trauaja en este exercicio un real y veinte y dos mrv^s (98).*

Labradores: (...) *les regulan el dia que trauajan en un real y veinte y dos mav^s vellón.*”

Se temos en conta os 46 veciños da parroquia e que aquí só aparecen reseñados nove e había oito pobres, dános que os outros 29 serían, por exclusión, labregos.

1847.- *Diccionario de Pascual Madoz*



Santo Adrián e o monte do Castro, na actualidade [Foto XMLS,

CASTRO (SAN ADRIAN DE): felig. En la prov. de la Coruña (10 ½ leg.) dióc e Santiago (5 ½), part. jud. de Corcubión (5), y ayunt. de Zas (1/2): SIT. en la carretera de Santiago a Vimianzo con buena ventilación y CLIMA sano. Se compone de los l. o ald. de Casa de Viento, Casasnovas, Cobos, Debesa, Iglesia, Masola y Rial de Abajo que reúnen 40 CASAS de medianas comodidades y fuentes de buenas aguas. La igl. parr. (San Adrian) es matriz de Santiago de Loroño y

corresponde al arciprestazgo de Soneira. Su TERM. confina con el de San Andrés de Zas, Sta. Cecilia de Roma y Loroño; el TERRENO en lo general montuoso disfruta de llanos de buena calidad destinados al cultivo. Los CAMINOS LOCALES y el de que se ha hecho mérito estan mal cuidados. El CORREO se recibe por la cap. del part. PROD.: maiz, patatas varias legumbres, algun lino, combustibles y pastos. Cría ganado vacuno, lanas, caballar y de derda. POB. 37 vec., 247 alm. CONTR. con su ayuntamiento.

c. 1928.- Datos de E. Carré Aldao (*Geografía de Galicia, de Carreras Candi*)

San Adrian de Castro, de entrada; presentación laica, y su filial es Loroño. Al SO tiene el monte Brondo; la riega el río Zas, y crúzala la carretera de Camariñas a Santiago. Hay la ermita de San Xosé entre esta parroquia y la de Meanos. Su única aldea es Castro y tres los grupos menores. Bervia, Devesa y Rial de Abaixo, con 229 habitantes de hecho y 241 de derecho,

ocupando 55 edificios.


Esta feligresía tiene el nombre de Castro por el en que se asienta y que es uno de los que, bifurcándose en la cordillera de Cabana (Carballo), sigue por los montes de Xallas a enlazarse con los de los partidos de Negreira, Noya y Padrón, por un extremo y con los de Órdenes y con los de Santiago, por otr.

O castro de Santo Adrián

Un dos máis importantes cos que conta o concello de Zas sitúase no cume dun outeiro de forma cónica, No PXOM de Zas dísenos que é un “castro que presenta un único recinto de forma tendente á circular. O parapeto delimitador destaca uns 4-5 m. de altura con respecto ó exterior do xacemento, mentres que con respecto ó interior atópase practicamente ó mesmo nivel en todo o perímetro, exceptuando na zona Sur, onde destaca entre 1 e 2 m.”

No centro do castro hai un outeiro sobre o que se levantou un repetidor de televisión.

Na actualidade presenta unha forte intervención no seu interior para facer repoboacións, o que seguramente afectaría ás posibles construcións que puidera haber no seu interior.



Principais festas da parroquia

A festa do patrón, **santo Adrián**, celébrase o 8 de setembro, aínda que só na igrexa cunha misa solemne. O Sacramento e o santo Antonio celébranse, respectivamente, o terceiro sábado e o terceiro domingo do mes de xuño; a festa deste santo é a única que conta con verbena. O día de san Brais celébrase na igrexa o 3 de febreiro, pero o xantar familiar adoita pasarse ó domingo seguinte. Desde hai máis de trinta anos, a Ascensión cambiouse para o domingo seguinte da data oficial do calendario.

Inventario dos bens do patrimonio de Santo Adrián de Castro (segundo o PXOM)

Arquitectura	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial 2.- Cruceiro do igrexario. 3.- Cruceiro de Santo Adrián. 4. Muíño na Milleira	15.- Castro do Pico do Castro.

Bibliografía básica

- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas”, en *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1993).- *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira* (tomos II e III); Fundación Universitaria de Cultura; Santiago de Compostela.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) e outros [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Outras obras de carácter xeral:

- CARRÉ ALDAO, E. (c. 1928): *Geografía General del reino de Galicia* (dir. por F. Carraras i Candi), vol. VI; Barcelona.
- CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA (<http://pares.mcu.es/Catastro/>).
- HOYO, J. del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácoma; Porto Editores, Santiago.
- MADOZ, P. (1845-1850): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*; Madrid.

Páxina web

- <http://sigpac.magrama.es/fega/h5visor/>